

Herald Toupeiras

SPECIAL EDITION II Junio 2008

“QUO VADIS” **SERVICIOS VETERINARIOS**



O lio é monumental, e a solución dada non pode ser mais penosa, 32 compañeiros perden a condición de Funcionario, por decreto da Dirección Xeral de Función Pública, cando non son os responsables da súa situación. A valoración de determinados méritos polos xulzados da lugar a que se incorporen coma funcionarios 32 persoas os que se lles recoñecen meritos que lles son propios.

Politicamente, e xa dende a oposición o actual goberno non reparou en nada para apoiar as reivindicacións de diversos colectivo ata chegar a condición de laboralización, emprendendo posteriormente un gran proceso de consolidación plasmado na OPE 2008 e aras da redución da temporalidade, proceso no que o parecer non caben estes 32 compañeiros, que non son responsables de que un tribunal de oposición valorase, conforme o seu leal saber e entender, determinados méritos e outros non, meritos que logo se recoñecen por sentenza xudicial, cousa que sucede en moitas oposicións. A ampliación de plazas nas bases das convocatorias é unha solución avalada por sentenzas do propio tribunal constitucional e reiteradamente aplicada no ámbito das administracións públicas en casos similares, incluso na propia Xunta de Galicia, e pola actual Dirección Xeral, so que eso tampouco serve para os veterinarios. Como xa dixo Mendez Romeu en comparecencia no parlamento “por certo, curioso colectivo” somos.

Agora estes compañeiros, comencan a súa persoal travesía do deserto, en vía xudicial por suposto, reclaman a nulidade das valoracións realizadas polos tribunales en base o que pode ser un grave defecto de forma, como é non chamar os lexitimos interesados que se poidan ver afectados nun proceso, como é o caso.

Así mesmo hai compañeiros con meritos similares os recoñecidos os novos funcionarios, que tamén perden a condi-

ción de funcionario, e que tamén reclamarán xudicialmente os seus dereitos, o que dará lugar a novos movementos de persoal.

Si estas reclamacións saen adiante, dentro de tres anos algúns dos que agora adquiren a condición de funcionarios poden pasar a non selo, abrindose novos procesos xudiciais, e esto xa non terá pes nin cabeza.

Por outra banda, o persoal laboral veterinario, aínda que ten recoñecida a súa condición de laboralidade, non percibe o plus de singularidade como calquera outro compañeiro que teña a condición de persoal laboral da Xunta de Galicia. É mentras tanto o colectivo veterinario mais grande da estrutura veterinaria da Xunta de Galicia, perto de 550 persoas, tamén a velas vir, cas consellerías as que están adscritos intentando primeiro pola súa conta sacar as súas RPT's a toda costa, coma si non formase parte do mesmo goberno. En Medio rural, embalados coma unha moto, nestos días está a ver si sacan a súa, sin ter negociado cos veterinarios as condicións desta RPT, cando no seu ámbito na actualidade ten perto de 400 veterinarios (o que supón o 10 % da súa plantilla e mais da metade dos efectivos veterinarios da xunta) e non sabe que facer con eles.

A Consellería de sanidade tamén o intentou pola súa conta, sin resultados. Outras Consellerías que teñen adscritos veterinarios prefiren mirar para outro lado, ou intentar enganar o colectivo como é o caso da Consellería de Medio Ambiente cos seus Requisitos imprescindibles, que teñen os veterinarios en asistencia externa sin crear plazas cando realiza un clara deixación das súas competencias, o que obriga de cando en cando a pedirlle a medio rural que lle faga as inspeccións urxentes o carecer de medios que lles son necesarios. Gobernar sin pes nin cabeza, non é gobernar.

No período 1996-2004 investíronse nos servizos veterinarios oficias da xunta de Galicia perto de 3 millóns de euros en subida de niveis e complementos, que foron insuficientes para salvar o déficit histórico que arrastra este colectivo profesional dende a súa reestruturación no ano 1993 co 90% dos seus efectivos no nivel 20. Agora cunha plantilla que practicamente triplica a daqueles anos e un moi significativo incremento das súas competencias, pretenden retribuírnos con 60 euros mais o mes (no mellor dos casos e só no marco da consellería de sanidade, xa que as demais Consellerías non poñen un can). Burlanse de nos, cando levan acordado a moreas millóns de euros para o persoal do sector sanitario (recentemente veñen de pactar 9,5 millóns de euros para o persoal dos PAC, que son 375 persoas). A administración non nos considera persoal sanitario e neganos a condición facultativa, aínda cos nosos cometidos sexa a sanidade animal, o control das zoonoses e o control sanitario e alimentario. Excusas de mal pagador, sobre todo cando a día de hoxe adeudan a 292 veterinarios da Consellería de Sanidade unha parte dos complementos dos anos 2006, 2007, e a este paso tamén do 2008, por un importe medio de mais de 3.000 euros / veterinario.



Non existe ningún corpo de Inspección que neste intre estea por debaixo do nivel 24 (e falamos tamén de persoal do grupo B), e mais, hai colectivos de inspección que todos os seus compoñentes teñen recoñecido o nivel 25 ou incluso o 26.

Dun estudo realizado no ámbito da Consellería de medio rural desprendese que o nivel medio dos veterinarios nesta Consellería é o 22,7, en tanto co resto de corpos especiais incluíndo grupos B, teñen un nivel medio de CD que correspondente o 25. O mesmo sucede nos outros ámbitos nos que nos atopamos, con excepción da Consellería de Medio Ambiente onde temos abertas a nosa titulación prazas virtuais de nivel 25, de imposible ocupación o estar pechadas por requisitos imprescindibles deseñados para outros colectivos. A burla non pode ser maior.

Os servizos veterinarios prestan os seus servizos, con turnidade, urxencias, en xornadas nocturnas, gardas, en localización, horarios especiais, fines de semana, etc. e as retribucións destas prestacións manteñense nos niveis dos anos 1993-1996, cun desfase inflacionario de preto do 40 %, polo que un veterinario ben a cobrar por ir un sábado a un matadoiro 45 euros, cando o persoal do matadoiro por facer a matanza ese día percibe 100 euros.

Esta situación ten colocado o colectivo o borde da Folga Xeral, para poder abrir unha mesa de negociación solicitada hai seis meses (novembro de 2007), e cúa primeira reunión se celebrou o 20 de maio sen resultados concretos. Para elo tivemos que acadar unha mesa única na que se fale da Escala Veterinarios do Corpo Facultativo Superior da Xunta de Galicia, e que se deixen de pasar a pelota veterinaria dunha consellería a outra e de escudarse na Consellería de economía.

Históricamente os Servizos veterinarios veñen reclamado unha reclasificación dos niveis dos seus postos de traballo, en relación cas súas funcións e a natureza do seu traballo, loitamos polas mesmas condicións que teñen outros colectivos da Xunta, non queremos ningún privilexio especial.

O NOVO MODELO IMPLANTADO PARA A XESTIÓN E TRAMITACIÓN DO FAS. UN NOVO FRACASO DA ADMINISTRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

Os reiterados fallos da aplicación informática desenvolvida por Función Pública convérten nun auténtico calvario a cumprimentación dos impresos de solicitude e fannos sentir nostalgia dos vellos tempos do "bic".

Para empezar, pónennos a todos fronte ao ordenador a introducir e codificar datos da solicitude, para logo ter que imprimila e presentala ante as unidades certificadoras como "toda a vida": en papel e en man, sen xustificante da súa entrega e xunto con toda a documentación, orixinais e copias, para o seu cotexo. Logo, Función Pública traslada a competencia da revisión e validación da documentación ás correspondentes unidades de persoal que tamén participan na aplicación informática ao ter que usala para validar, certificar e imprimir a solicitude de novo. Finalmente só queda ir, antes do 27 de xuño, a pola nosa solicitude para presentala como sempre por rexistro antes do 10 de xullo. Todo un gran avance conseguido grazas á informática!!.

Por si fora pouco, este novo modelo de tramitación vai acadar mellorar as relacións entre compañeiros, xa que permite un maior coñecemento e comprensión da situación persoal e económica grazas a presentación na propia unidade administrativa de libros de familia, certificados de empadramento-convivencia, declaracións da renda, vidas laborais, certificados de pensións, etc.

Ante tantos "avances" Función Pública viuse obrigada a ampliar os prazos de presentación de solicitudes para intentar minimizar os danos ocasionados pola súa demostrada incompetencia.

DÍXOME DÍXOME:

Díxome que **falando de caciquiños baratos**, cóntannos que unha liberada sindical pola CIGA, na provincia de Lugo, colocóu “a presión “ ao seu compañeiro sentimental no posto de Xefe Provincial de Consumo na Delegación de Innovación e Industria da mesma provincia; Curiosamente o Delegado Provincial é tamén un vello coñecido da mencionada central sindical. Esto corrobora a teoría de que os caciques non nacen, fanse.

Díxome ... Que un ex - alto cargo da esfera “taurina” anda a facer o agosto coas distintas consellerías a través dunha empresa de “**consegueamento**”. Según parece, o susodicho ex-alto cargo é un tal Aurelio Romero Serrano e da empresa ,según din, tamén forma parte un ex alto cargo dun ministro socialista...¿Qué hai da lei de incompatibilidades?. ¿Será que a mesma é aplicable só ao resto dos mortais?¿Qué será, será?¿Será que o “Tourito” non se entera ou será que non se quere enterar? Seguiremos coas pesquisas...

Díxome que como xa anunciamos na editorial do Herald Toupeiras nº 4, a pesar do Acordo asinado entre o Sr. Romeu e as Centrais Sindicais, xa foi a Consellería de **Ricardo Varela** a primeira , en intentar o **fraude do acordo**, propoñendo unha modificación da RPT onde a meirande parte das Xefaturas de Servizo e algunhas Xefaturas de Seccións son propostas para a súa provisión por LD. Parece que se cumpren os nosos temores e que o sistema de concurso para postos de nivel 28 vai ser unha mera anécdota. Estadese avisados!!

Díxome que suma e segue ... O descarro do Xerente do Xacobeo, Sr Ignacio Eguibar. Non contento con percorrer o mundo a conta do peto dos galegos (pasa fora do seu despacho cinco de cada sete días da semana, a limitación do seu superior Mr. Chupitos - Lois González, DX.. de Turismo), agora está demostrando o que é este bipartito:**unha casa de ... colocación de amigos:** tres novas prazas creadas para tres persoas con-sorte: unha para Lucía, cuñada de Esmeralda, asesora xurídica da Sociedade; Outra para Gloria, prima de Ana, a xefa de contabilidade, que sen o seu beneplácito non se move nada no Xacobeo; outra para a amiga da filla do Xerente, unha máis de promoción interna creada para a única persoa que pode presentarse na empresa... todo un exemplo de cómo se fan as cousas: aplicando a Lei de Transparencia e Boas prácticas que tan pomposamente aprobou este desgoverno. A inutilidade do xerente, gran amigo do Conselleiro Blanco, é tan grande que as bases das convocatorias saíron por duplicado e con requisitos distintos. Sábeo pero non o corrixiu. Tanta é a súa falta de ética que,por unha parte ten ameazados ós traballadores que protestan por esta situación con non asinar o convenio da empresa e por outra ofrécenlles uns cartiños para que estean calados e lle permita seguir coa contratación destas persoas.(**Por Jacobina**).

Díxome que segundo os sicoanalistas consultados, o abuso que o BNG fai do slogan “somos potencia” (derivación da expresión como potentes) agocha un certo **complexo de ineptitude** para acometer actuacións importantes na convivencia en parella (enténdese coa súa parella de goberno) É por tal disfunción pólo que necesitan facer tal exaltación dos seus atributos como resposta a esta incapacidade marital.



IM



A Galicia do
PSOE


Simbolos

Estatuto

Lingua

O Goberno
do PSOEXunta de
GaliciaPresidente
primeiroAs
Consellerías
do PSOE

Benvidos a Web do PSOE



Teño un amigo que vive xa fai tempo no estranxeiro, e tódolos días cando chega do seu traballo o primeiro que fai é acceder ao seu ordenador e conectarse coa páxina institucional da Xunta de Galicia para coñecer o que se está a facer na súa terra. O outro día chamoume, e ante a miña sorpresa, dime que o actual goberno galego non ten 13 departamentos como creíamos, senón que, soamente ten oito, xa que tódolos días contabiliza as novas das distintas Consellerías e me dí que estas solo refírense a oito delas, que, curiosamente son as xestionadas polo PSOE, e cree que o Presidente destas oito é un tal Emilio Pérez Touriño. Dime que nesa páxina da Xunta, non atopa información do que fan o resto das consellerías, estando convencido de que, se ben están creadas polo Decreto correspondente, estas Consellerías, non funcionan. Para saír desta dúbida, accedeu o arquivo de imaxes fotográficas que saen tódolos días nesta páxina institucional, e me dí que sempre aparecen os mesmos Conselleiros e os mesmos altos cargos, curiosamente os desas oito consellerías. Despois desto xa non ten ningunha dúbida de que a actual Xunta de Galicia só a compoñen oito departamentos.

Para sacalo da súa confusión e aclararlle as súas ideas, trato de explicarlle o que está a ocorrer en Galicia nestes últimos tres anos. Dígolle que en Galicia somos moi afortunados, posto que en lugar de ter un goberno, temos dous e se chama goberno bipartito, ou sexa goberno de dous. Dígolle que estes dous partidos tense repartidas as distintas Consellerías, como quen reparte unha empanada, pero que, previamente levantaron a tapa dela para ver onde están as mellores talladas, e quedarse con elas. Cunha parte da empanada quedouse un home que se chama o Vicepresidente, que manda e goberna sobre cinco Consellerías, precisamente as que xestiona o seu partido, o BNG. Sobre elas é o amo e señor e non permite que ninguén meta os fuciños nelas. Sobre a outra parte da empanada manda outro home que se chama o Presidente, que solo exerce a súa autoridade, un falar, sobre as outras oito Consellerías, precisamente as xestionadas polo seu propio partido. Pero claro o Presidente quedouse coa tallada da Secretaría Xeral de Comunicación, que nun alarde de escandalosa manipulación informativa, fixo da páxina institucional da Xunta de Galicia un boletín panfletario do PSOE. Como o outro socio non quere ser menos e está vetado para saír nesa páxina, utiliza sen escrúpulos e cun descarado ata agora descoñecido, os medios de comunicación para facer unha campaña propagandística das súas cinco Consellerías a conta do diñeiro dos galegos. Estes dous partidos mandatarios son ó mesmo tempo goberno e oposición, según conveña. Danse lavazadas, patadas nas canelas, e algunha navallada e un négalle ó outro o pan e o sal, aplicando aquilo de ao inimigo nin auga, pero en realidade estos dous socios "sufridos" soportan esto e moitas cousas máis (polo ben de Galicia), non por que lle guste estar na poltrona.

Despois de contarlle todo isto, o meu amigo quedouse un longo tempo calado coma un peto, tiven a impresión de que non entendeu o que lle estaba dicindo, pero o pouco abriu a boca para me decir si lle estaba falando do exército de pancho Villa. Dinme de conta que o tiña comprendido.

Por Pepiño Negro